

O ENSINO E O MEDIO RURAL

Xosé Manuel Cid, vicedecano de CC. da Educación da Universidade de Vigo

“É labor de todos os axentes sociais, tamén da escola, invertir o proceso de colonización cultural que impera na actualidade”

O rural parece estar desprestixado no estilo de vida actual, ou canto menos olvidado. A televisión, os medios en xeral e, tamén, o sistema educativo

fanse eco do modo de vida urbano, olvidando case por completo o medio tradicional galego. Para buscar solucións a isto, Nova Escola Galega (NEG) leva

varios anos organizando os Encontro Rurais, que en febreiro celebraron a súa quinta edición. Xosé Manuel Cid é un dos responsables desta iniciativa.

VIGO | Vanessa Insua

Que beneficios lle supón a un rapaz vivir no rural?

Eu sinalaría dous piares básicos, como son o contacto cun medio natural moi diverso e cun alto nivel de calidade ambiental e, por outro lado, a posibilidade de aprendizaxe informal a través da participación activa na vida da comunidade. Unha aprendizaxe espontánea, activa, alegre e de vivencias, de interesantes coñecementos e prácticas sociais e culturais.

Cales son os principais factores que están a cambiar no rural e que afectan ao seu estilo de vida?

Están a cambiar tanto os aspectos socioeconómicos, (a perda dos sectores produtivos tradicionais, ou o abandono do rural pola poboación máis moza) como as cuestións socioculturais, ao non contar coa escola como principal centro de dinamización. O problema é que non foi substituída por outros axentes, tipo centros socioculturais e movementos asociativos, agás al-

dunha escola integrada na comunidade na que está insertada. Iso é moito necesario e moito máis realizable nestes tempos de contexto democrático. Así mesmo, hai equipos de profesores e profesoras interesados en dar autenticidade á súa práctica educativa.

Como afecta que a maioría da xente que habita no campo xa non estea vinculada aos sectores profesionais tradicionais?

Penso que non afecta tanto a profesión, pois é evidente que a defensa do rural tampouco pode promover que todo o mundo viva da agricultura de subsistencia. Pódese ter outra profesión e participar activamente na vida cultural, preservando aqueles elementos máis emblemáticos e que ademais proporcionan un ocio de calidade.


Non se trata de conservar por conservar, senón de satisfacer as necesidades de autoestima e disfrute do tempo libre. Algúns elementos da cultura teñen que ver co ciclo agrario, pero isto pode permanecer, pois a comunidade segue a ter unha actividade agraria, aínda que algúns membros traballen noutros sectores. O que provoca a perda non é a profesión, senón a imposición de modelos foráneos pola presenza dunha cultura mediática moi poderosa. Calquera xogueté publicitado por todos os medios parece máis divertido que o xogueté fabricado por un mesmo. Son as leis do mercado as que limitan as manifestacións culturais tradicionais.

En que medida está presente o rural nos proxectos educativos galegos?

Existen proxectos educativos pensados no e para o rural. Hai un traballo renovador de anos en moitos centros. Onde non existe o rural é na mentalidade da administración, que busca a rentabilidade das ratios, unicamente económica, sen pensar no valor engadido que ten unha escola no medio rural, por moito que precise máis recursos para menos nenos.

Cal debería ser a súa presenza?

Ademais da presenza de institucións educativas en núcleos pequenos, o rural debe estar presente nos currículos como un estilo de vida do noso país ao longo dos séculos, que supuxo unha forma de relacionarse coa natureza e cos demais. Esta



Xosé Manuel Cid.

forma de vida interesa non só aos que viven no rural, senón a todos os escolares galegos, e debe traducirse no currículo nun cambio de valoración do que supón o mundo rural e o seu universo cultural.

Parece necesario fomentar nos rapaces dese ámbito o aprecio daquilo que nos identifica. Cre que se poden sentir disconformes co medio no que viven debido á globalización?

Ese é o fio do discurso precedente, implícito nas anteriores respos-

tas. Hai unha xerarquización das culturas no discurso dominante e nesa xerarquización o mundo rural galego non se presenta como portador dos grandes valores que posúe, senón como unha cultura atrasada, estática, da que só se da a coñecer algo de folclore descontextualizado da realidade na que ten sentido.

Que opina acerca de que só na Facultade de Educación de Santiago haxa unha materia sobre o rural e que sexa optativa?

“A Galicia republicana non tiña sentido sen o rural”

No seu libro ‘Educación e ideoloxía na II República’, aparece a historia de Rafael Alonso, un mestre que ensinaba aos nenos con exemplos do mundo que os rodeaba, cre que ese é o método a seguir?

A República promoveu o mellor proxecto educativo da nosa historia, e cada aldea tiña a súa escola. Cando se creaba algunha nova, creábase nunha aldea que non a tiña ou ben nas cidades onde non había unha oferta educativa para

toda a poboación infantil. A Galicia republicana non tiña sentido sen o rural. E iso foi unha aposta dos mestres renovadores, non só por vivir no rural e ser membros activos desa sociedade rural, senón tamén por incorporar a vida cotiá ao currículo. Un xogo na neve; unha poxa que permitía explicar os lagos, penínsulas, cabos, golfos, etc; unha visita ás cerámicas de Niñodagua ou aos muíños dun río; unha granxa de coellos, eran fontes inesgotables de lec-

Non está mal crear materias entorno ó mundo rural, pois supón unha aposta explícita por dalo a coñecer a futuros educadores. Porén, son moitos os outros factores que se poden incluír no traballo universitario de maneira transversal. Incluso me atrevo a afirmar que o urxente en Galicia é a implantación entre as tres universidades dun grao en Antropoloxía Cultural, con algún postgrao no que se afonde na cultura rural.

En que consiste o Plan Integral sobre o Medio Rural que se reclama dende os Encontro Rurais organizados por NEG?

O Partido Popular negouse a participar nos Encontro polo que non sabemos se ten algún plan, ou se o ten non o quixo contar aos educadores. O proxecto integral que reivindicamos desde a educación ten que ver con abordar de xeito conxunto as diversas dimensións de desenvolvemento do rural, pois non tería sentido abordar só os aspectos educativos. Algunhas medidas do goberno anterior, que foron debatidas no Encontro, írlan nesa dirección, tales como o Banco de Terras, a rede de servizos sociais, desde as galegascolas aos centros de maiores, supoñen crear emprego e fixar poboación no rural e, polo tanto, darían lugar a proxectos educativos relacionados. É o peixe que morde o rabo: se hai despoboamento quitamos as escolas, pero se quitamos escolas, aceleramos o despoboamento. Poboación, economía, emprego, educación, cultura forman un conxunto no que ningunha das patas debe coxear para que a mesa se sosteña en pé.

cións de todas as materias. Eses recursos foron utilizados por Rafael Alonso no seu proxecto cando estaba na cadea, antes de ser asasinado. Fernández Mazas escribiu sobre a súa Xeografía Parroquial, cando andaba escondido polas montañas de Castro Caldelas, e así che podía seguir nomeando centos de mestres e ideas que daban sentido a unha sociedade, que o franquismo se encargou de enterrar. Hoxe coa súa memoria podemos reconstruír o que queda dela.

‘O rural non se presenta como portador dos grandes valores que posúe’

gunhas excepcións no que as vellas escolas desempeñan esta función de equipamentos para a vida comunitaria e asociativa.

Dise que o abandono do rural pode levar á perda da cultura autóctona, pódese evitar isto dende o sistema educativo?

A cultura autóctona vai cedendo o seu espazo por problemas de colonización cultural, que levan a ver mais atractivas outras formas de estar no mundo. A escola contribúe a iso, pois atravesou longas etapas de homoxeneización cultural, negadora da diversidade, na procura dunha cultura obxectiva, superior, culta, que superase as eivas socioculturais achacadas á cultura propia da contorna rural.

É labor de todos os axentes culturais e, polo tanto tamén da escola, invertir o proceso. Os estudos do medio da tradición renovadora desde a Escola Nova aos movementos freinetianos e os MRP actuais foron abrindo o camiño